

DESPERDICIO DE ALIMENTOS

Con esta actividade traballamos:

Responsabilidade fronte ao malgasto de alimentos.
Responsabilidade como consumidores.
Pautas para evitar tirar alimentos.
Os ODS 2, 12, 14 e 15.

Durará

A actividade está pensada para realizarse ao longo dun tempo, polo menos, unha semana.

Necesitaremos:

Datos sobre o malgasto de alimentos e táboas de investigación.
Vídeos para o seu visionamento na clase:
"La huella del desperdicio de alimentos" e "La huella del desperdicio de alimentos 2" ambos da FAO.
"El desperdicio" patrocinado por WWF

Ciclos: 1, 2, 3

Desenvolvemento

1ª fase

Dividir a clase en grupos. Entregar en cada grupo copias da "Ficha de Seguimento" para que se organicen e, durante unha semana, tomen notas do malgasto de alimentos na súa contorna. Investigar especialmente:

- No centro educativo, tanto no recreo coma se hai comedir.
- Cando nos reunimos (aniversarios, festas...)
- Cando saímos a comer fora (hamburgueserías, pizzerías, restaurante...)
- Parques dos arredores

2ª fase

Pasada unha semana, as persoas de cada grupo poñen en común os resultados da súa investigación, apuntando:

- Tipo de alimentos que se desperdician en maior cantidade. Ir facendo un reconto para poñer en común o atopado por todas as persoas do grupo en forma dun dato máis concreto.
- Principais motivos que fixeron que eses alimentos acaben no lixo. Poñer en común e ver se hai algún motivo que destaque por encima dos demais.

Cando cada grupo remate o seu traballo, farase unha posta en común, tomando nota na lousa. Así poderanse ver facilmente as coincidencias entre os grupos.

Hai que reflexionar

Poñer en común en gran grupo os resultados e ir reflexionando sobre iso:

- Resultouvos difícil realizar a investigación? Por que?
- Cal é o lugar no que se realiza máis desperdicio de alimentos?
- Que vos chamou máis a atención do que se desperdiciou?
- Ao realizar a posta en común en gran grupo dos que se desperdicia Sorpréndenvos os resultados?

- Igual que nos conciencian da importancia de non malgastar enerxía ou auga non deberiamos facer o mesmo coa comida?
- De que maneira pode afectar a vida doutras persoas ese desperdicio?
- Consideramos se o noso exceso pode significar que outros consuman menos?

Para terminar, ver algún ou todos os vídeos propostos, deténdose cando sexa necesario e resolvendo as dúbidas que poidan xurdir para que se comprenda todo o contido.

Cos resultados desta actividade, incluíndo a reflexión, pasamos ás actividades “Facendo campaña 1 e 2”.

